23/05/12

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ANTEPROXECTO DA LEI DE ACCESIBILIDADE

Antecedentes, obxecto, ámbito e títulos competenciais.

1. Transcurrido máis dunha década dende a publicación da **Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da devantita lei**, faise necesaria a aprobación doutra norma que a sustitúa e que serva para dar un renovado impulso ás políticas de normalización e integración social das persoas con discapacidade.
2. A elaboración dunha nova Lei de Accesibilidade responde á necesidade de actualizála normativa existente na materia co fin de adaptála as novas necesidades contempladas en:
   - **O Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013**, que contempra en materia de accesibilidade catro obxectivos específicos:
     1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade.
     2. Sensibilizar, dar a coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.
     3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á formación e comunicación, aos bens e productos.
     4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbán e transporte.
   - **A Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, de 13 de decembro do 2006**, defende e garantiza os dereitos das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da vida, educación, saúde, traballo, cultura, ocio, participación social e económica. Considera a accesibilidade coma un elemento transversal de cada un dos ámbitos. Introduce novos conceptos e definicións coma:
     - Comunicación
     - Axustes razoables
     - Deseño universal
   - **A Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e Accesibilidade das Persoas con Discapacidade**, amplía o ámbito de actuación ás:
     - Telecomunicacións e sociedade da información
     - Espazos públicos urbanizados, infraestructuras e edificación
     - Transportes
     - Bens e servizos a disposición do público
     - Relación coas administracións públicas.
   - **A Lei 49/2007, de 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e**

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

accesibilidade universal das persoas con discapacidade, establece un réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, con carácter básico para todo o territorio nacional, respectando os ámbitos de decisión propia que constitucionalmente lle corresponden ó lexislador autonómico.

- **A actividade da Comisión Técnica de Accesibilidade**, como órgano competente para a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de accesibilidade e resolución de calquera cuestión interpretativa sobre o contido das normas autonómicas na materia; que nun período de máis dunha década recolleu cales son as dificultades e solucións para a aplicación da Lei.

3. Dende o punto de vista competencial, a **Constitución Española de 1978** recolle, ó longo do seu articulado, varios preceptos nos que, se defenden e protexen os dereitos de tódalas persoas, sexa cual sexa a súa condición física, psíquica ou social.

   O artigo 9.2 obriga ós poderes públicos a promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, e a remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

   O artigo 49, recolle que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos disminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, ós que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente no desfrute dos dereitos que o Título I outorga a tódolos cidadáns.

   En canto os títulos competenciais autonómicos, **O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Ley Orgánica 1/1981 de 6 de abril**, atribúelle ós poderes públicos de Galicia, no seu **artigo 4.2** a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

   O **artigo 27 nos seus apartados 3, 7 e 8**, atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materias de ordenación do territorio e do litoral, de urbanismo e vivenda e de obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado, así como de transportes non incorporados á rede estatal e con itinerarios que se desenvolvan íntegramente no territorio da Comunidade. Pola súa banda, no **artigo 34.1** atribúelle, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de radiodifusión e televisión nos termos e casos establecidos por lei que regula o Estatuto xurídico da radio e televisión.

4. Mediante a nova Lei realízase unha profunda revisión de diversos **conceptos**:
   - o concepto de persoa con discapacidade, que ven a sustituir á terminoloxía anterior, aclarando que dita condición é consecuencia do entorno social además dos factores de factores individuais, según o modelo de atención denominado"social", que supón a asunción de certos factores intrínsecos ós dereitos humáns.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Introdúcense **principios** que cobran un significado máis acorde coas novas políticas sobre discapacidade a nivel internacional, tales como:

- Accesibilidade universal
- Deseño para todos
- Inclusión social
- Igualdade de oportunidades
- Vida independiente
- Diálogo civil
- Axustes razoables
- Normalización e transversalidade.

Inclúense **ámbitos** non recollidos pola lei ata agora vixente:

- Sociedade da información: TIC,webs..
- Telecomunicacións
- Acceso aos bens e servizos das Administracións Públicas

5. A nova Lei, pretende alcanzar novas cotas de benestar xeral, tendo en conta especialmente a comodidade e a accesibilidade que precisa un crecente número de persoas coa mobilidade reducida, na nosa sociedade galega. Para elo establecemos disposicións e normas destinadas a facilitar a accesibilidade universal e deseño para todos na utilización por tódolos cidadáns dos distintos entornos, bens e servizos. Situamonos ante a creación dunha normativa de segunda xeración tras haber posto os cimentos da igualdade coa regulación anterior sobre accesibilidade, houbendo deixado constancia das necesidades específicas das persoas con discapacidade pero dirixéndose hacia unha mellora contínua dos seus dereitos, ampliando os ámbitos e as relacións que podan levar a cabo. Fáise necesario vincular os intereses dun grupo social que xa non está circunscrito a una discapacidade específica, senon a una melliora da sociedade en xeral, cos intereses e obrigas que as Administracións Públicas debemos esixirnos como garantes do benestar de tódolos cidadáns.

Táboa de vixencias e derrogacións

Coa entrada en vigor da presente lei, queda derrogada a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como cantas disposicións de igual o inferior rango que se opoñan ao establecido nesta lei.
As normas sobre accesibilidade vixentes á entrada en vigor desta lei manterán a súa vixencia ata a entrada en vigor do desenvolvemento normativo comtemplado nesta lei, sempre que non se opoñan ao establecido na mesma

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2012

A Secretaria Xeral de Política Social

Coro Rivéiro Vázquez

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA DO ANTEPROXECTO DA LEI GALEGA DE ACCESIBILIDADE

Antecedentes e memoria xustificativa

A oportunidade da elaboración do anteproxecto da Lei galega de accesibilidade evn xustificada polas seguintes razóns:

1. Transcurrido máis dunha década dende a publicación da **Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da devantita lei**, faise necesaria a aprobación doutra norma que a sustitúa e que serva para dar un renovado impulso ás políticas de normalización e integración social das persoas con discapacidade.
2. A elaboración dunha nova Lei de Accesibilidade responde á necesidade de actualizála normativa existente na materia co fin de adaptála as novas necesidades contempladas en:
   - **O Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013**, que contempra en materia de accesibilidade catro obxectivos específicos:
     1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade.
     2. Sensibilizar, dar a coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.
     3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á formación e comunicación, aos bens e productos.
     4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbán e transporte.
   - **A Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, de 13 de decembro do 2006**, defende e garantiza os dereitos das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da vida, educación, saúde, traballo, cultura, ocio, participación social e económica. Considera a accesibilidade coma un elemento transversal de cada un dos ámbitos. Introduce novos conceptos e definicións coma:
     - Comunicación
     - Axustes razoables
     - Deseño universal
   - **A Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e Accesibilidade das Persoas con Discapacidade**, amplía o ámbito de actuación ás:
     - Telecomunicacións e sociedade da información
     - Espazos públicos urbanizados, infraestructuras e edificación
     - Transportes
     - Bens e servizos a disposición do público

- Relación coas administracións públicas.

- **A Lei 49/2007, de 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade**, establece un réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, con carácter básico para todo o territorio nacional, respectando os ámbitos de decisión propia que constitucionalmente lle corresponden ó lexislador autonómico.
- **A actividade da Comisión Técnica de Accesibilidade**, como órgano competente para a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de accesibilidade e resolución de calquera cuestión interpretativa sobre o contido das normas autonómicas na materia; que nun período de máis dunha década recolleu cales son as dificultades e solucións para a aplicación da Lei.

Estudo económico

A avaliación dos custos e a súa repercusión orzamentaria do anteproxecto da lei galega de accesibilidade son os seguintes:

1. Rentabilidade social, ao promover e favorecer a autonomía persoal de tódolos cidadáns, promovendo o deseño para todos e a accesibilidade universal sen custos adicionais.

2. A lei regula, no seu artigo 59, a Comisión Técnica de Accesibilidade como órgano administrativo competente para a tramitación dos expedientes sancionadores derivados desta lei, e a resolución de calquera cuestión interpretativa sobre o contido das normas autonómicas en materia de accesibilidade.

   A Comisión Técnica de Accesibilidade foi creada pola Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia; e desenvolta polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

   Sendo que na nova norma, conserva as mesmas características, dedúcese que non conleva coste adicional algún.

3. O Consello galego de Benestar social, contemplase na lei no seu artigo 60 como órgano superior consultivo e de participación do sistema galego de servizos sociais, exercendo funcións consultivas e de informe en materia de accesibilidade.

   O Consello galego de Benestar social é creado pola Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. As súas funcións enuméranse no artigo 40.3, ao que se lle engade unha letra *j*, mediante a cal introdúcese a función consultiva e de informe en materia de accesibilidade; quedando modificado nos termos anteriores pola Lei galega de Accesibilidade.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Sendo que o Consello galego de Benestar social xa foi creado pola Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; dedúcese que, malia ser contemprado na Lei galega de Accesibilidade, este feito non supón coste adicional algún.

4. Os servizos de inspección existentes na Secretaría Xeral de Política Social, así como a competencia en materia sancionadora exercida pola Comisión Técnica de Accesibilidade, vencellada ó Servizo de Promoción da Accesibilidade, con competencias de apoio técnico e administrativo á mesma; constitúen as funcións de vixilancia para o cumprimento da nova lei, sen levar consigo un novo coste.

5. Os gastos derivados das actividades contempradas na Disposición Adicional Terceira ("Campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral, así como o fomento da realización de xornadas, cursos e publicacións, co obxectivo de divulgar o contigo da lei e demáis normativa aplicable") se axustarán a:

   Proxecto: 2012-671
   Aplicación orzamentaria: 2013.12.08.312D.640.1 · Campañas de programas para a promoción da autonomía persoal.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2012

A secretaria xeral de Política Social
P.D Decreto 109/2012, do 22 de marzo
O director xeral de Xuventude e Voluntariado

XUNTA DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL · CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Ovidio Rodeiro Tato